



Confederación Intersindical Galega
ENSINO

INFORMA

www.cig-ensino.gal

Febreiro 2015

Xubilacións 2015



Polo dereito indefinido á xubilación anticipada

A CIG-Ensino vén batallando para conseguir o dereito indefinido á xubilación anticipada. Neste sentido foron múltiples as accións e mobilizacións que levamos a cabo nos últimos anos.

O recoñecemento ao labor docente e a creación de emprego son argumentos xa suficientes para consolidar definitivamente este dereito que estivo en vixencia, aínda que de maneira insuficiente, desde o curso 1991 até o 2011.

Por iso propomos:

- Restablecemento do dereito á xubilación anticipada con carácter indefinido para todo o profesorado, independentemente do réxime de cotización ou situación administrativa.
- O profesorado que teña 60 anos de idade e 25 anos de servizo terá dereito a percibir as gratificacións por xubilación anticipada.
- Negociación dun acordo coa Consellaría para que profesorado que opte pola xubilación

anticipada perciba unha gratificación que sumada á pensión que reciba será equivalente ás retribucións que percibiría de estar en activo até os 65 anos.

- Xubilación obrigatoria aos 65 anos de idade ou até acadar os anos necesarios de cotización para percibir a pensión máxima correspondente ao seu corpo.
- As prazas que queden vacantes como consecuencia da xubilación anticipada non serán amortizadas.
- Mellora das actuais pensión. Dereito a percibir o 100% do haber regulador con 30 anos de servizo, no horizonte de atinxir unha xubilación co 100% de todas as retribucións.

Xubilación anticipada de clases pasivas

Suprimida a xubilación anticipada que estaba prevista na LOE, ao día de hoxe, febreiro de 2015, só permanece en vixencia a xubilación anticipada para o funcionario pertencente ao réxime de clases pasivas, sempre que cumpra as seguintes condicións:

- Ter cumpridos os 60 anos de idade
- Ter un mínimo de 30 anos de servizos, para o cal tamén contan os cotizados no Réxime Xeral da Seguridade Social (a través do cómputo recíproco). Do mesmo xeito, para completar períodos de cotización, se fose o caso, terase en conta o parto e coidado de fillos e fillas (de non ter cotizado nese momento) e os meses de servizo militar que excedan do período obrigatorio.
- Ter cotizados os últimos cinco anos no réxime de Clases Pasivas cando se computen cotizacións a outros réximes da Seg. Social.
- Facer a solicitude cun mínimo de tres meses de antelación.

Xubilación: Tipos e características

TIPO DE XUBILACIÓN	REQUISITOS	CARACTERÍSTICAS	OBSERVACIÓNS
Voluntaria (só para os e ás que pertencen ao réxime das clases pasivas)	-Idade: 60 anos. -Anos de servizos efectivos ao estado: 30 como mínimo. ter cotizado os 5 anos polo réxime de clases pasivas.	Cálculo por haber regulador, en función dos anos de servizo acreditados. Pensión máxima do seu grupo no A1 con 33 anos e no A2 con 35	-Xubilación inmediata (ao cumprir a idade, con solicitude con tres meses de antelación)
Ordinaria	-Idade: 65 anos. -Anos de servizos efectivos ao estado: 15 mínimo	Cálculo por haber regulador, en función dos anos de servizo acreditados. Pensión máxima do seu grupo no A1 con 33 anos e no A2 con 35	É xestionada de oficio pola administración se non se solicita prórroga
Prorrogada aos 70 anos	Solicitude cunha antelación mínima de tres meses e máxima de catro meses á data na que se cumpre a idade máxima legal. A concesión faise ano a ano renovable anualmente.	Igual que a ordinaria	A solicitude farase ano a ano con antelación mínima de 3 meses á data de finalización da prolongación concedida
Incapacidades (total, absoluta e gran invalidez)	Declaración por parte do EVI da Seguridade Social	Iguais que a ordinaria, computando como servizos prestados o que falte até os 65 anos (cun período de carencia de 20 anos no caso da xubilación total para ter o 100% da pensión)	-Pode iniciarse de oficio ou a petición do interesado. -A xubilación total tributa e polo tanto ten retencións IRPF, as outras dúas non.

Notas: Para o calculo de anos cotizados considérase equiparable ao servizo activo os servizos especiais, os postos dentro doutras administracións ou as excedencias por coidado de fillos/as ou persoas maiores.

Que é o fondo especial de MUFACE e que prestacións segue a manter a mutualidade de ensino primario integrada no mesmo?

O fondo especial de MUFACE creouse pola Lei 29/1975, de Seguridade Social de Funcionarios civís do Estado, concretándose, posteriormente, nas leis de orzamentos do Estado de 1981 e 1985.

Neste fondo especial podían integrarse as diferentes mutualidades dos diversos departamentos civís. En total, integráronse 29 mutualidades. A "Mutualidad Nacional de Enseñanza Primaria" integrouse neste fondo especial con data de 1 de Agosto de 1976.

Esta integración supoñía que as prestacións que tiña implantadas a Mutualidade nas contías vixentes a 31 de decembro de 1973 quedaban garantidas polo Estado (xubilación, orfandade, viuvez, etc.). Coa finalidade de evitar as discriminacións que existían entre as distintas mutualidades, debido a que se foron integrando no fondo especial en diferentes datas, resolveuse unificar o seguinte criterio á hora de recoñecer as pensións de xubilación e demais prestacións:

• *Recoñecemento da pensión inicial na contía vixente a 31 de decembro de 1978, que se vai reducindo nos cinco exercicios seguintes, a razón dun 20% cada ano, até acadar a contía vixente a 31 de decembro de 1973. Despois mantense inalterábel.*

Esta prestación faise efectiva cando se produce a xubilación forzosa, voluntaria ou por incapacidade e hai que solicitala nas oficinas provinciais de MUFACE.

As contías son as que figuran nas táboas que van deseguido:

Trienios	Inicial	2º ano	3º ano	4º ano	5º ano	Final
1	88,12 euros	77,84 euros	67,55 euros	57,27 euros	46,99 euros	36,70 euros
2	91,49 euros	80,85 euros	70,21 euros	59,57 euros	48,93 euros	38,28 euros
3	94,85 euros	83,86 euros	72,87 euros	61,87 euros	50,88 euros	39,88 euros
4	98,22 euros	86,87 euros	75,52 euros	64,17 euros	52,82 euros	2,46 euros
5	101,58 euros	89,88 euros	78,18 euros	66,47 euros	54,76 euros	43,06 euros
6	104,95 euros	92,89 euros	80,84 euros	68,77 euros	56,71 euros	44,65 euros

Cómputo dos servizos prestados noutros corpos

Existe unha fórmula que establece a equivalencia entre os servizos prestados nos distintos grupos funcionariais. Só para aquelas persoas que accederon á función pública antes de xaneiro de 1985 e se xubilen forzosamente ou por incapacidade permanente, ou ben falezan, o cálculo da pensión incluírá 10 anos do cómputo no grupo inferior como se fosen no superior.

Cómputo dos servizos prestados no réxime xeral da seguridade social

O cómputo recíproco é unha equivalencia entre as cotizacións a outros réximes públicos de cotización, habitualmente o Réxime Xeral, e os prestados como persoal funcionario, en función dos grupos de cotización. Tamén computan os días servizo militar prestados a maiores dos que eran obrigatorios no momento de realizalo.

A incompatibilidade das pensións

Dende o 1 de xaneiro de 2009 as pensións de xubilación do Réxime de Clases Pasivas son incompatíbeis co exercicio doutras actividades por conta propia ou allea. Con anterioridade só eran incompatíbeis con outros traballos no sector público.

Quedan exceptuadas desta incompatibilidade as xubilacións por incapacidade total (para as funcións do propio corpo no que se traballa), xa que neste caso si se poderán realizar actividades distintas ás que se desempeñaban como persoal funcionario máis cunha redución da pensión durante o tempo no que se desempeñe outra actividade:

- Persoal funcionario xubilado con máis de 20 anos de servizo ao Estado: mantén o 75% da pensión.
- Persoal funcionario xubilado con menos de 20 anos de servizo ao Estado: mantén o 55% da pensión.

As xubilacións por incapacidade permanente

Nas pensións de xubilación por incapacidade total (para as funcións propias do corpo docente) cóntanse os anos efectivamente traballados máis

os que restan para acceder á idade de xubilación como se realmente se mantivese activa a persoa xubilada por incapacidade.

Dende o 1 de xaneiro de 2009 establecéronse unha porcentaxes de redución da pensión para os casos de xubilación por incapacidade total para aquel persoal funcionario que non teña acreditados no momento da xubilación 20 anos de servizos ao Estado (tanto ao Réxime de Clases Pasivas como ao Réxime Xeral). A porcentaxe de redución faise sobre o Haber Regulador correspondente aos anos de cotización.

Anos de servizo	Redución da pensión
15 anos ou menos	25%
Entre 16 e 17 anos	20%
Entre 17 e 18 anos	15%
Entre 18 e 19 anos	10%
Entre 19 e 20 anos	5%

Pensións 2015

Anos de servizo	% Haber regulador	Grupo A1: 40.158,22 euros		Grupo A': 31.605,54 euros	
		anual	14 pagas	anual	14 pagas
15	26,92%	10.837,62 €	774,12 €	8.529,48 €	609,25 €
16	30,57%	12.307,06 €	879,08 €	9.685,97 €	691,85 €
17	34,23%	13.780,53 €	984,32 €	10.845,62 €	774,69 €
18	37,88%	15.249,97 €	1.089,28 €	12.002,11 €	857,29 €
19	41,54%	16.723,43 €	1.194,53 €	13.161,76 €	940,13 €
20	45,19%	18.192,87 €	1.299,49 €	14.318,25 €	1.022,73 €
21	48,84%	19.662,31 €	1.404,45 €	15.474,73 €	1.105,34 €
22	52,52%	21.143,83 €	1.510,27 €	16.640,73 €	1.188,62 €
23	56,15%	22.605,22 €	1.614,66 €	17.790,87 €	1.270,78 €
24	59,81%	24.078,68 €	1.719,91 €	18.950,53 €	1.353,61 €
25	63,46%	25.548,12 €	1.824,87 €	20.107,02 €	1.436,22 €
26	67,11%	27.017,56 €	1.929,83 €	21.263,50 €	1.518,82 €
27	70,77%	28.491,03 €	2.035,07 €	22.423,16 €	1.601,65 €
28	74,42%	29.960,47 €	2.140,03 €	23.579,64 €	1.684,26 €
29	78,08%	31.433,93 €	2.245,28 €	24.739,30 €	1.767,09 €
30	81,73%	32.903,37 €	2.350,24 €	25.895,78 €	1.849,70 €
31	85,38%	34.372,81 €	2.455,20 €	27.052,27 €	1.932,30 €
32	89,04%	35.846,28 €	2.560,45 €	28.211,92 €	2.015,14 €
33	92,69%	37.315,71 €	2.560,88 €*	29.368,41 €	2.097,74 €
34	96,35%	38.789,18 €	2.560,88 €*	30.528,06 €	2.180,58 €
35	100%	40.258,62 €	2.560,88 €*	31.684,55 €	2.263,18 €

***Pensión máxima: 2.560,88 €/mes ou 35.852,32 €/ano en 14 pagamentos**

Se unha persoa percibe unha ou máis pensións públicas, a suma total non pode exceder a pensión máxima anual, pero o haber regulador que lle correspondese terase en conta para o cálculo dunha posíbel pensión de viuvez e/ou orfandade. Os servizos prestados no réxime xeral computan (a través do "cómputo recíproco") mais sempre tendo en conta a pensión máxima.

Novidade: superación da pensión máxima

A Lei de Orzamentos do Estado aprobou unha bonificación para aqueles traballadores/as que queiran seguir traballando despois dos 65 anos que incrementará a cuantía da súa pensión coas seguintes porcentaxes

- Até 25 anos cotizados incrementarase un 2%.
- Entre 25 e 37 anos cotizados incrementarase un 2,75%.
- A partir de 37 anos cotizados incrementarase un 4%.

A idade máxima para retrasar a xubilación son o 70 anos de idade. O tope máximo para estes incrementos será o haber regulador do grupo A1, é dicir, 40.258,62 euros (2.875,62 euros/ano en 14 pagas).

Exemplo de pensión

Exemplo de pensión neta para unha persoa perceptora co máximo tipo de retención do IRPF (non hai outras deducións):

Grupo	% IRPF*	Pensión anual bruta	IRPF anual	Pensión mensual bruta	IRPF mensual	Pensión mensual NETA
A1	20,53	35.852,32 €	7.360,48 €	2.560,88 €	525,75 €	2.035,13 €
A2	19,16 %	31.684,55 €	6.070,76€	2.263,18 €	433,62 €	1.829,56 €

** As deducións de IRPF dependen da situación persoal de cada persoa perceptora. Neste cálculo partimos da situación familiar 3: Solteiros/as sen fillos, casados/as con cónxuxe con rendas superiores a 1.500 € anuais. Os tipos de IRPF son, por tanto, os que aplicarían nesta situación*

FORMACIÓN A DISTANCIA DA CIG-ENSINO E AS-PG

2º TRIMESTRE

Filosofía para nenos e nenas

Do 14 de xaneiro ao 3 de febreiro

Ferramentas para educar na nube

Do 14 de xaneiro ao 3 de febreiro

Animacións audiovisuais para o ensino

Do 6 de febreiro ao 26 de febreiro

Necesidades educativas específicas en alumnado de primaria

Do 6 de febreiro ao 26 de febreiro

Sexismo na aula: transmisión e deconstrución de estereotipos

Do 04 ao 25 de marzo de 2014

3º TRIMESTRE

Unha xestión ecolóxica dos residuos nos centros de ensino. A compostaxe comunitaria escolar.

Do 10 ao 30 de abril

Violencia e non violencia na escola e na educación física

Do 10 ao 30 de abril

Filosofía para nenos

Do 4 ao 25 de maio

Atención Escolar ao alumnado con alerxia alimentaria ao látex

Do 27 de maio ao 17 de xuño

www.cig-ensino.gal/formacion

Paga extra 2013

A CIG-Ensino gaña as catro primeiras sentenzas de profesorado ditaminadas en Galiza contra o recorte da paga extra do ano 2013

Catro xulgados do contencioso administrativo, 2 de A Coruña, 1 de Vigo e 1 de Ferrol veñen de recoñecer parcialmente as reclamacións contra o recorte da paga extra de xuño do 2013, presentadas pola CIG-Ensino. No ano, 2013 e seguintes, o goberno de Feijoo decidiu conxelar os salarios e recortar as pagas extras de todo o persoal, incluído o docente, pasando a ser Galiza unha das comunidades nas que se recortaban estas pagas. Ese recorte equivalía á parte do complemento específico que aparece no epígrafe "Adic. Art 12.3 Lei 12/2006", polo que comezamos a cobrar nas extras o complemento específico. As sentenzas, as primeiras que se ditaminan en Galiza para persoal docente dependente da Consellaría, inciden nos fundamentos xurídicos das sentenzas que xa recoñeceran o pagamento dunha parte da extra de Nadal de 2012; isto é, a Xunta descontou ilegalmente unha parte da paga extra de xuño de 2013, ao se aprobaren os Orzamentos para ese ano o 1 de marzo de 2013, polo que a parte devindicada nos

meses anteriores (xaneiro e febreiro de 2013) non se podía recortar. Estamos a falar, por tanto, dun terzo da cantidade que na nómina aparece como "Adic. Art 12.3 Lei 12/2006", ao se tratar de 2 dos 6 meses que é preciso ter traballado para cobrar esa cantidade íntegra.

A CIG-Ensino denuncia o comportamento absolutamente antidemocrático e irrespetuoso da Xunta co seu persoal, toda vez que o goberno galego era plenamente consciente de que a xustiza ía recoñecer o mesmo dereito que vén recoñecendo para a paga do 2012. Así llo trasladamos á conselleira de Facenda, reclamando que se fixese efectiva a recuperación, cando menos, desta parte proporcional da paga de xuño de 2013 e non obrigar o profesorado, como o resto do persoal da Xunta, a iniciar novos procedementos xudiciais para obrigala a cumprir coas súas obrigas retributivas.

É unha auténtica irresponsabilidade e unha burla ao profesorado que, cando xa existen sentenzas claras que

condenan a administración galega a facer fronte ao pagamento dunha parte da paga extra, o goberno mire cara outro lado para prolongar todo o posíbel no tempo un pagamento que finalmente terá que efectuar.

Paga extraordinaria 2014-2015

A CIG-Ensino quere denunciar, mais unha vez, o desprezo do Goberno galego para o profesorado, ao continuar apropiándose de parte do seu salario e das súas pagas extras. Continuaremos loitando até que de vez vexamos restituídos todos os dereitos arrebatados. Quérennos vender que nos regalan algo, cando nin sequera nos devolven todo o subtraído e seguen apropiándose de parte do noso salario e de parte da paga extra, pois como é sabido a paga do ano 2013 e 2014 foi reducida e sen complemento específico e a do ano 2015, tal e como está recollido na Lei de orzamentos da Xunta, seguirá a ser reducida e sen complemento específico, cando na administración central e noutros territorios están a cobrar a paga extraordinaria con complemento específico.

Os nosos locais

Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.
Santiago de Compostela. cp.15706.
Tif. 981576800 Fax. 981575839
santiago@cig-ensino.gal

Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1
36947. Cangas
Tif. 986302987 Fax. 986302987
morrazo@cig-ensino.gal

Ourense

P. de San Lázaro 12, 4º
32003. Ourense
Tif. 988238350 Fax. 988222855
ourense@cig-ensino.gal

Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º
32600. Verín
Tif. 988412345 Fax. 988411013
verin@cig-ensino.gal

A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n
Tif. 981169810 Fax. 981291735
15007. A Coruña
acorunha@cig-ensino.gal

Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,
15403. Ferrol
Tif. 981358750 Fax. 981358760
ferrol@cig-ensino.gal

Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.
36002. Pontevedra
Tif. 986861513 Fax. 986855050
pontevedra@cig-ensino.gal

Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.
36205. Vigo
Tif. 986827935 Fax. 986262844
vigo@cig-ensino.gal

Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo
36780. A Guarda
Tif. 986609360 Fax. 986610465
baixominho@cig-ensino.gal

Lugo

Rda da Muralla 58, bxo.
27003. Lugo
Tif. 982245023 Fax. 982253891
e-mail: lugo@cig-ensino.gal

A Mariña

27700. Ribadeo
Avda de Galicia 20, 1º
Tif. 982129593 Fax. 982129593
amarinha@cig-ensino.gal

Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º
36600. Vilagarcía
Tif. 986505323 Fax. 986505323
salnes@cig-ensino.gal